CÓDIGO:2020/XENSUMAPH/000004

INSTRUCIÓN DA CONCELLERÍA DE GOBERNO DA ÁREA DE URBANISMO SOBRE OBRIGATORIEDADE DE SOLICITAR ACORDO PREVIO FAVORABLE DA AXENCIA ESTATAL DE SEGURIDADE AÉREA (AESA) EN MATERIA DE SERVIDUMES AERONÁUTICAS, EN DIVERSOS SUPOSTOS DE REALIZACIÓN DE OBRAS NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

Esta concellería delegada do Servizo de Urbanismo e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra ditou, en data 15/05/2020, instrución/orde de servizo verbo da obrigatoriedade de solicitar acordo previo favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) en materia de servidumes aeronáuticas, en diversos supostos de realización de obras no termo municipal, cuxa parte resolutiva establece:

"(...) Primeiro.- En cumprimento do determinado nos oficios remitidos en materia de servidumes aeronáuticas pola xefatura do Servizo de Autorización de Servidumes Aeronáuticas da *Dirección de Seguridad de Aeropuertos y Navegación Aérea* de AESA en data 03/02/2020, con rexistro de entrada no Concello de Pontevedra 2020004502 e, polo *Subdirector General de Aeropuertos y Navegación Aérea do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*, o día 24/03/2020, con número de rexistro de entrada 2020011111, **someteranse a acordo previo/informe favorable en materia de servidumes aeronáuticas** diante da Axencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) -consonte aos artigos 30 e 31 do Decreto 584/1972, na súa actual redacción, en relación coa Disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo-, **os expedientes que de seguido se relacionan**, relativos a construcións, instalacións ou plantacións, cando pretendan instalarse nos eidos afectados por servidumes aeronáuticas legalmente establecidas ou fóra destes se tales elementos superan os 100 metros de altura respecto ao nivel do terreo ou auga circundante:

a) Os expedientes relativos a licenzas urbanísticas para obras maiores de nova planta ou reformas e/ou rehabilitacións que proxecten unha ampliación de altura ou volume das edificacións existentes (construción de vivendas, edificios ou naves e as súas ampliacións de volume ou altura e semellantes) que se inicien a partir do día 25/03/2020. Inclúense tamén os expedientes relativos a títulos habilitantes urbanísticos para construcións de nova planta de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica, que non teñan carácter residencial nin público, dunha planta e que non requiren proxecto conforme a Lei de ordenación da edificación.

b) Os expediente relativos a todos os elementos e medios necesarios e auxiliares para as construcións referidas no punto anterior, que se inicien a partir da referida data, tales coma antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis e remates decorativos, postes, guindastres torre de construción, estadas ou semellantes, sempre que se sitúen na cuberta ou por riba desta ou que sobrepasen a altura ou cumio da edificación e con independencia do título urbanístico habilitante ao que se sometan.

c) Os expedientes relativos aos títulos habilitantes urbanísticos para a construción e instalación de aeroxeradores -incluídas as pas-, torres eléctricas e instalacións destinadas a transporte, distribución, comercialización e subministro de enerxía eléctrica e instalacións e infraestruturas de telecomunicacións, as modificacións do terreo ou obxecto fixo (postes, antenas, carteis, etc.), e as construcións e instalacións de similares características que non se amparen en instrumentos de planificación previamente aprobados, calquera que for o título habilitante que as habilite.

Segundo.- Nos expedientes referidos nos puntos anteriores que se tramiten por licenza urbanística previa, as persoas solicitantes deberán achegar, xunto co formulario da solicitude de licenza, o xustificante xerado pola súa **pre-solicitude oficial** cursada a través da sede electrónica da AESA para que o Concello poida validalo e tramitar diante dese organismo público a solicitude do acordo previo favorable.

Para a tramitación da referida pre-solicitude deberá seguir os pasos que ao efecto se indican na sede electrónica de AESA (https://sede.seguridadaerea.gob.es/SEDE_AESA).

De non achegar o xustificante xerado pola pre-solicitude, para poder tramitar as licenzas urbanísticas, as persoas solicitantes deberán, canda menos, achegar o formulario oficial contido na páxina web de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:ZTQ92G52GBDW5JAZ

AESA (https://www.seguridadaerea.gob.es/) de solicitude para a tramitación de servidumes aeronáuticas con licenza (por coordenadas ou por dirección) debidamente cumprimentado xunto coa documentación necesaria que nel se relaciona para que o Concello poida tramitar diante dese organismo público a solicitude do acordo previo favorable, agás nos supostos nos que xa se achegue o propio acordo previo favorable para as obras de que se trate, previamente tramitado a través do Concello.

Terceiro.- Nos expedientes referidos no punto primeiro, que non se tramiten por licenza urbanística previa, por tratarse de actuacións suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, as persoas peticionarias ou promotoras, a partir da data referida, dirixiranse directamente a AESA para solicitar o correspondente acordo previo de autorización favorable, que deberá ser achegado xunto co correspondente formulario de comunicación previa ou declaración responsable.

Para a obtención do devandito acordo previo de autorización favorable deberán seguir os pasos que ao efecto se indican na sede electrónica de AESA (https://sede.seguridadaerea.gob.es/SEDE_AESA) ou, no seu caso, na páxina web de AESA (https://www.seguridadaerea.gob.es)

Cuarto.- Faise constar que, en todos os casos, o prazo para a emisión do acordo previo para a realización de actuacións en zonas de servidumes será de seis meses, transcorrido o cal entenderase emitido en sentido desfavorable (artigo 31.4 do Decreto 584/1972, modificado polo Real decreto 297/2013, de servidumes aeronáuticas).(...)"

O que se comunica aos servizos e oficinas técnicas da Área de Urbanismo e de Obras, aos colexios profesionais e asociacións representativas do sector -co prego de que a amentada instrución sexa difundida entre os seus asociados- e se fai público para xeral coñecemento e efectos, dispoñendo a publicación do texto íntegro da devandita Instrución ou Orde de Servizo, en razón dos destinatarios e dos efectos xurídicos que poida producir, na páxina web do Concello de Pontevedra (pontevedra.gal) e na sede electrónica municipal (sede.pontevedra.gal), para os efectos de xeral coñecemento pola cidadanía dos criterios municipais sobre a materia, consonte ao previsto nos artigos 5 e 7.a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e nos artigos 6 e 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación co artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Documentos que se achegan á presente instrución:

Descrición do documento	Asinado por	CSV (*)
Plano servidumes aeronáuticas	Rosa Magdalena Fernández	OJVRFPR22NAGSYSZ
Instrución da Concellería de goberno	Xaquín Moreda González	I7RM4EU1S7VSVDT1

(*) Verificable en: https://sede.pontevedra.gal

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro responsable do Servizo de Urbanismo e Patrimonio Histórico

Asinado por: XAQUÍN MOREDA GONZÁLEZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 19/05/2020
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:ZTQ92G52GBDW5JAZ